



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E A ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Esta Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos contribuir á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia.

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación é unha entidade adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, que ten uns cometidos específicos no campo do estudo e da investigación en materia xurídica.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2023.

O convenio ten por obxecto fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes na contribución aos gastos correntes derivados das actividades que realiza a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e que a citada institución poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación ten por cometido principal o fomento da cultura e investigación, está especialmente dedicada ao estudo do Dereito e, particularmente, do dereito galego, participando activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin.

A singularidade e especificidade das actividades levadas a cabo, así como a natureza específica da entidade destinataria da subvención xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, segundo o artigo 26.2 a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará á Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación a cantidade de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), para financiar os gastos correntes da institución,





que se financiarán con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, do seguinte xeito:

- 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.01.121A.481.1 (CP 2015 00089)
- 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.0 (CP 2015 00102)

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

Aplicación 06.01.121A.481.1 , código de proxecto CP 2015 00089:

- Eixo E5, "Gobernanza"
- Prioridade de actuación PA01, "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valora engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico E03, "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión"
- Obxectivo operativo OO01, "Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica"

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	3	3
INFAN 1- Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia	5-PEG	14,33	0

Aplicación 06.03.131A.481.0, código de proxecto 2015 00102:

- Eixo: E5 - Eixe 5. "Gobernanza"
- Prioridade de actuación: PA01 - "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valora engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."





- Obx. estratéx./Intrumen.: E02 - "Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas"
- Obxectivo operativo: OO06 - "Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza"

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	3
INFAN 1- Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia	5-PEG	14,33
P342.H/Persoas beneficiadas (homes)	5-PEG	160
P342.M/Persoas beneficiadas (mulleres)	5-PEG	160

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital
A secretaria xeral técnica
Elena Muñoz Fonteriz

